

O ROSTRO E A VOZ

Tareixa Navaza, un corazón sen freo nin marcha atrás

Cando tiña dezaseis anos, aquela nena que sempre escoitara a radio na súa casa, presentouse a unhas probas da Cadena SER en Galicia. Recorda, con agarimo, que a súa nai a acompañara ao local onde se facían as probas. Como era de agardar, co-lhérona. Tareixa Navaza comezaba así o que sería unha espléndida carreira nos medios de comunicación.

—Era a locutora máis nova da cadea, e aínda que a aprendizaxe foi moi dura, pois a min costábame moito nun principio familiarizarme con todo o que é por dentro unha emisora de radio, o entusiasmo puído máis e encontreime facendo de todo. Unha verdadeira voráxine: cuñas, publicidade, avances de noticias... Non tiña vacacións. Había días que ceaba e xantaba na radio, pois axiña comencei a participar en Matinal Cadena SER, nos 40 Principales e facía tamén un programa diario con xente da Universidade que se titulaba 'Horas Jovens' no que lembro que se tocaba o piano, que había no estudio, en directo.

A época á que se refire Tareixa Navaza coincide coa aparición dun programa que había ser lendario nas ondas: Hora 25. Tareixa converteríase na correspondente de Galicia para o espazo que dirixía Martín Ferrand. A súa participación no popular informativo nocturno suporalle o Premio Nacional de Radio, que outorgaba, daquela, o Ministerio de Turismo.

—Naquela época 'Hora 25' foi a primeira experiencia dun informativo nocturno na radio do Estado español. De vagar as miñas intervencións fóronlle gustando cada vez máis ao director do programa e aos oñites. Eran os últimos anos do franquismo. Lembro que os sindicalistas implicados no proceso 1001 nos seguran e que a xente de As Encrobas nos escoitaba ao carón da fogueira. Tiñas a sensación que o espazo estaba en contacto coa realidade do país e que estabas facendo un grande labor de servizo aos cidadáns.

No ano 1973, TVE en



Unha das primeiras emisións de Hora 25, programa de Tareixa Navaza na Cadena SER. TAREIXA NAVAZA

Galicia amplía as súas emisións territoriais e Tareixa Navaza entra a traballar no ente público. Foi durante moitos anos o rostro da TVE en Galicia. Todos os que alcanzamos xa a barreira dos trinta lembramos aquel Panorama de Galicia.

—Para min desde logo os momentos máis gratificantes como profesional en TVE en Galicia foron as diferentes etapas de Luis Mariñas, Alexandre Críbeiro e Manuel Lombao como directores do noso centro territorial. Durante as súas xestións houbo oxixeno. A liberdade do redactor estaba asegurada. Non había censura, nin supervisores que viñesen a interromper a creación individual. Os tres souberon que eu non era manipulable e xogaron a deixarme facer cousas. Desgraciadamente esta confianza da empresa nos seus traballadores foise perdendo cos anos, e hoxe en día é unha das traxedias que invadiron todos os medios de comunicación no Estado.

É curioso como despois de tantos anos apartada da pequena pantalla, Tareixa Navaza segue a soñar cun espazo televi-

sivo no que realizarse como profesional, e ao tempo, servir ao seu país, dúas ensoñacións que na súa traxectoria laboral teñen ido ineludiblemente xunguidas.

—Se tivese que facer

na actualidade un programa de televisión faría un espazo moi vivo, fiel á realidade deste país, serio nos seus contidos, pero divertido nas súas formas, no que puidese enveter e implicar ao

maior número de xente. Creo que se precisa de programas plurais, onde todos teñan cabida, espazos que estean conectados co entramado social do país, nos que se fale para unha inmensa maioría pero con rigor. Hai que eliminar a chábarca de medios de comunicación. O rampión e o vulgar é o que está a triunfar nestes momentos. É triste ver como se xoga coa xente e o dono que se lle pode facer a unha sociedade por non ver mentalidade de servizo público.

Sen dúbida, Tareixa Navaza é das que pensan que o galego segue sen se coirdar nos medios de comunicación e que en moitas ocasións non se fai polo idioma todo o que se pode.

—Non comprendo como a TVE en Galicia non mantén nin a toponimia dos lugares e pobos da súa terra na emisión do programa 'Galicia para el mundo', a través de 'La 2'. Pedírlles que o fagan en galego seica é un imposible, pois non hai vontade, pero cando menos que a publicidade do espazo para Galicia fose no noso idioma, pero nin iso. Outro tanto

pasa coa Televisión de Galicia, na cante autonómica a grande maioría dos presentadores non coirdan a súa expresión oral co que, obviamente, descoirdan a lingua que empregan, e o máis prexudicado, como sempre, é o idioma. Aínda que os informativos están facendo nesta nova etapa un grande esforzo, eu diría que loxaron a cara pero non os contidos. Os programas de produción propia teñen que evolucionar moito. Non se pode dicir que o cine ou os debuxos animados funcionan ou deixan de funcionar, se o deporte se ve e os informativos non. Trátase de estudar que filosofía de televisión se quere para os televidentes.

De cando en vez, Tareixa Navaza sorpréndenos con algunha colaboración na prensa galega. Moitas e moitos recordamos as súas entrevistas para a revista feminista Andaina e os seus artigos en diversos xornais. Nestas colaboracións coa prensa escrita tentou, como é néa habitual, dotar ás súas seccións da súa personalidade.

—O ter que axustarte a un espazo determinado existe do profesional un grande exercicio de concentración. Eu tento que os meus artigos e as miñas entrevistas teñan ironía, beleza e vida. Non sempre é fácil, e ás veces pode supoñer que os lectores manden os seus escritos a 'Cartas ao director' para rebater as miñas opinións, pero penso que isto é bo, porque permite ver unha sociedade que permanece viva e que ten diferentes opinións sobre as cousas que lle preocupan.

Tareixa Navaza si que é un exemplo de vitalidade. O seu alento non decae. Podemos atopala nos sitios máis insospetados e en todas partes estará pensando no que ela pode aportar para facernos a vida máis agradable a todos. É desas profesionais que foron educadas na crenza de servizo público, e como outras e outros sabemos, divertirse, entreter, informar e interesar á audiencia é algo que se logra cando as ideas e o corazón emiten en perfecta simfonía.

Lino Braxe



Tareixa Navaza é un exemplo de vitalidade

C.P.